



DEPUTACIÓN DE LUGO

Servizo de Guía Laboral

PLAN DE ACCIÓN DESTINADO A MELLORAR A
EMPREGABILIDADE DOS DESEMPREGADOS DA PROVINCIA DE
LUGO



Deputación Provincial de Lugo
EMPREGADO

| PROXECTO INTEGRADO NO PROGRAMA BEN

SERVIZO DE GUÍA LABORAL

Seguindo co espírito de mellora da empregabilidade e da inserción no mercado laboral dos traballadores desempregados da provincia de Lugo, dende o *Programa de Fomento do Emprego e a Economía dos Sectores Estratéxicos da provincia de Lugo, Ben Empregado*, poñemos en marcha o **Servizo de Guía Laboral**. Este pretende desenvolver unha serie de actuacións e servizos, tanto telemáticos coma presenciais, co único obxectivo de lograr a introdución, reciclaxe e mellora da cualificación profesional dos nosos solicitantes, mediante **un plan de acción** composto por unha serie de actividades axustadas ás necesidades particulares de cada usuario, proporcionando desta forma solucións personalizadas para problemáticas potencialmente diversas.

Co obxectivo de axustar o servizo ás diferentes necesidades dos nosos solicitantes, dividiremos a nosa actuación como orientadores en tres niveis, dependendo da cualificación, e necesidades dos nosos usuarios:

1. Adecuación elemental.
2. Adecuación media.
3. Adecuación alta.

Achegamento ao cidadán

O **Servizo de Guía Laboral** está a disposición de todos aqueles desempregados **participantes en calquera das edicións do Ben Empregado I e II** que desexen recibir asesoramento para mellorar a súa empregabilidade. Os usuarios serán atendidos por un grupo de profesionais multidisciplinar cuxo único obxectivo será que os solicitantes obteñan na Deputación un asesoramento axeitado as súas peticións e capacidades.

O obxectivo primordial é atinxir a implicación dos participantes do Ben Empregado I e II para que estes busquen mellorar as súas posibilidades no mercado laboral actual. Polo tanto, resulta importante subliñar que este plan de acción é de carácter voluntario,

construído baixo as trabes da confianza e a atención exclusiva. En ningún dos casos os solicitantes deste **Servizo de Guía Laboral** están obrigados a acudir as actividades postas en marcha polo plan e ningunha notificación será entregada o Servizo Público de Emprego ou institución similar, xa que o noso **Servizo de Guía Laboral** é unha ferramenta propia da Deputación provincial de Lugo, non vencellada a ningún outro organismo.

A continuación, pasaremos a explicar o [Funcionamento do servizo](#):

Este comeza coa recepción dunha petición, de forma telemática ou presencial, por parte dun usuario do proxecto que busque recibir o noso asesoramento. O seguinte paso consiste entón en estudar o seu CV e, no caso de que xa asistira ás entrevistas, comprobar como se desenvolveu nas mesmas. Xa mencionamos que en función da natureza da consulta do usuario, esta poderá ser resolta de forma telemática ou presencial. Procedemos a describir ambos servizos:

- 1) **Servizo telemático**: mediante este sistema, enviaremos unha serie de documentos que correspondan ás necesidades que se desprenden da petición dos nosos usuarios, e a outras que podamos detectar na fase de estudo da documentación que temos dos mesmos.
- 2) **Servizo presencial**: unha vez estudada a documentación contida nos expedientes dos desempregados, procederemos a concertar unha reunión inicial cos usuarios na que resolveremos todas aquelas consultas que poidan ter, e analizaremos tamén os seguintes puntos:

- Motivación laboral
- Autoestima
- Pautas para a mellora da autonomía persoal
- Comunicación e sociabilidade
- Adaptación ao posto de traballo
- Toma de decisións e resolución dos problemas

Despois da entrevista presencial, realizaremos un diagnóstico personalizado en función do cal elaboraremos un **plan de acción composto por unha serie de actividades axustadas** ás necesidades particulares de cada usuario. O itinerario realizado constará das actividades citadas a continuación:

2.1) Tutorías individualizadas. En función das necesidades detectadas ou propostas polos nosos usuarios e as nosas habilidades e coñecementos como orientadores. Podemos realizar reunións explicativas de todos os itinerarios laborais aos que se pode optar segundo o perfil de cada usuario. Ademais poderemos axudar a:

- **Elaborar un CV e unha carta de presentación** axustados a cada usuario.
- Pautas para **preparar adecuadamente una entrevista** de traballo. Por exemplo: levando a cabo as técnicas do *role-playing*.
- Proporcionar aos usuarios as ferramentas necesarias para a creación dunha **axenda persoal** para planificar a súa procura de emprego dun xeito eficiente. Neste diario, anotarán as ofertas as que se inscribiron, as entrevistas realizadas, buscas en bolsas de emprego, e todas aquelas accións realizadas co obxectivo de achegarse á meta perseguida.
- Dar información aos desempregados **sobre o autoemprego**. Crecentes posibilidades deste sistema de traballo. Pros e contras xerais segundo os casos.
- Explicar como dirixirse telematicamente e de forma correcta ás empresas: ensinando como afrontar a elaboración dun correo electrónico ou unha chamada telefónica apropiada co obxectivo de entregar un CV ou de obter información sobre a empresa.
- Informar sobre o uso correcto das Tics aplicadas ás novas formas da busca activa de emprego:

- Entrega dunha listaxe cos principais portais de emprego *online*, e explicación do seu funcionamento, co obxectivo de optimizar a utilización destes por parte dos nosos usuarios.
- Creación in situ dun perfil nun portal de emprego.

2.2) Obradoiros, seminarios, mesas sectoriais. Segundo o número de solicitantes cos que contemos, propoñeremos a posibilidade de elaborar unha serie de actividades grupais que teñan como obxectivo a mellora da empregabilidade e impartir novas técnicas de procura activa de emprego.

- Talleres de entrevistas.
- Seminario sobre os diferentes tipos de CV e as súas funcionalidades no mercado laboral español actual.
- Coloquios que versen sobre as novas tecnoloxías e as posibilidades que ofrecen.
- Os novos nichos de traballo na provincia de Lugo.
- Creación de mesas sectoriais para fomentar o *networking*.

Finalmente mencionaremos que, ademais de rexernos polo código de conduta de principios éticos fixados no *Estatuto Básico do Empregado Público*, manteremos as actitudes que se reflicten a continuación cos nosos usuarios:

- Identificarémonos axeitadamente.
- Escoitaremos de forma respectuosa, proactiva e atenta aos nosos usuarios.
- Usaremos unha linguaxe comprensible que evite os tecnicismos.
- Tentaremos resolver as cuestións expostas polos usuarios no menor tempo posible, de xeito eficaz e evitando xestións innecesarias.
- Recibiremos e despediremos aos nosos usuarios con amabilidade.

Se algunha destas conductas non fose cumprida, os usuarios poderán presentar as súas queixas ou suxestións por calquera dos procedementos establecidos na



Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo, ou na caixa habilitada a tal efecto nas nosas oficinas.

En relación a este servizo, dende o Ben Empregado comprometémonos a resolver, e responder calquera queixa o suxestión que poidamos recibir por calquera dos medios habilitados para isto, coa maior brevidade posible, respondéndoas nun prazo máximo de 30 días dende a súa presentación.